



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Resolución da Alcaldía.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito Concello, emito o seguinte Decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DO CAMPAMENTO XUVENIL DE VERÁN DO CONCELLO DA BAÑA 2026.

Expte. TEDEC: 2026/S012/000004 (Convocatoria)

Expte. TEDEC: 2026/G003/000430 (Decreto)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 25.2, nos seus apartados l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante os que os municipios exercerán en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de ocupación do tempo libre e promoción da cultura.

Visto que o campamento de verán xuvenil é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo.

Visto o réxime de publicación dos actos administrativos de carácter xeral ou que teñan por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas recollido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente no orzamento de 2026 para facer fronte ós gastos ligados ó Servizo de Campamento Xuvenil 2026 do Concello da Baña.

Vistas as bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento do campamento xuvenil de verán do Concello da Baña 2026, que se acompañan no Anexo I.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, i en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro. Aprobar as Bases que rexerán a convocatoria de prazas e funcionamento do campamento xuvenil de verán do Concello da Baña 2026 e que se incorporan como anexo I á



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

presente Resolución, comezando o prazo de presentación de solicitudes o día seguinte á data de publicación das presentes bases na páxina web do concello e finalizando o 17 de xuño de 2026.

Segundo: Publicar o presente decreto na sede electrónica municipal e na páxina web do Concello da Baña.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu secretaria, Paula Martís Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DO CAMPAMENTO XUVENIL DE VERÁN DO CONCELLO DA BAÑA 2026

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento do servizo de actividades xuvenís no Concello da Baña 2026.

Artigo 2. Definición do programa

O campamento xuvenil de verán é un servizo que ten a función de ofrecer á xuventude un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo.

Está dirixido a mozas e mozos de 12 a 18 anos, durante os días laborais dende o 13 ao 31 de xullo.

Este campamento levarase a cabo no Local Social de San Vincenzo da Baña en horario de 09:00 a 14:00.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables da xuventude (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria) e os/as propios/as menores.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son dereitos dos usuarios e usuarias do programa de actividades e de quen posúa a súa patria potestade:

- O acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.
- O sigilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados/as, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son obrigas dos usuarios e usuarias do programa de actividades de conciliación e de quen posúa a súa patria potestade:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes.



CONCELLO DA BAÑA SERVIZOS SOCIAIS

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor usuario dos servizos.
- Deberase presentar informes médicos actualizados segundo estes lles sexan requiridos desde o Concello. En ningún caso se lle dará un trato especial a un usuario/a sen o informe médico que o recomende e xustifique. Se un menor ten que medicarse durante o desenvolvemento do programa, deberá traer o medicamento e unha autorización asinada polo pai, nai ou titores, e un informe médico no que se especifique a dose e o momento no que haberá que administralo. En ningún caso un monitor/a lles administrará un medicamento aos menores sen a autorización por escrito asinada polo pai, nai ou polo seu titor/a e un informe médico.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38° rectal, 37,5° bucal, 37,2° axilar), diarrea, vómitos ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.). De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan o seu fillo/a.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido á xuventude do Concello da Baña.

O campamento xuvenil ofertará 20 prazas para os mozos e mozas que cumpran os requisitos de admisión. Este servizo desenvolverase no local social de San Vicente. Para determinadas actividades poderanse trasladar a algunhas das instalacións municipais (axencia de lectura, pavillón municipal, etc)

As actividades levadas a cabo serán de índole educativa e cultural, fomentarán o fortalecemento de valores como a solidariedade, a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo. Todo isto acompañado de actividades que promovan o completo desenvolvemento das persoas usuarias.

Artigo 6. Inscripción

Establecerase un prazo de inscrición dende o día seguinte á data de publicación das presentes bases na páxina web do concello e finalizando o 17 de xuño de 2026.

Todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do/a menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou na súa sede electrónica.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Consideraranse admitidas todas aquelas persoas empadroadas que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboem as taxas. No caso de que haxa máis persoas inscritas que prazas dispoñibles, farase un sorteo público. Poderán optar ás prazas as persoas non empadroadas que así o desexen, tendo en conta que a preferencia na adxudicación será para as persoas empadroadas, tal e como se recolle no artigo 8 destas bases.

Documentación necesaria:

A solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- Ficha normalizada de inscrición
- Tarxeta sanitaria do/a menor.
- Anexo – Datos médicos
- Anexo – Autorización para reportaxes de prensa, radio, televisión, páxina web, facebook e redes sociais do Concello.
- Anexo – Consentimento para inclusión en grupo de whatsapp
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo unha vez publicada a listaxe de solicitudes admitidas definitiva e nun prazo de 7 días naturais, no caso de non realizar dito pago no prazo establecido procederase a dar de baixa a solicitude e procederase a realizar o mesmo procedemento cos/coas seguintes titulares da lista de agarda.

Pagamento con base na ordenanza:

O prezo será fixado polo órgano competente (Alcaldía) de xeito que o número de persoas solicitantes cubra o custo total deste. Non obstante, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante un informe técnico dos servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo deste, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para cubrir a diferenza existente.

--	--



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

CENSADOS		NON CENSADOS	
	PREZO		PREZO
1º fillo	60,00 €	1º fillo	90,00 €
2º fillo	48,00 €	2º fillo	67,50 €
3º fillo	30,00 €	3º fillo	45,00 €

Excepcionalmente, naqueles casos nos que a unidade familiar, empadroadada no Concello da Baña con carácter previo á data da publicación da convocatoria, non conte cuns ingresos iguais ou superiores a dúas veces o IPREM (600,00 €), o departamento responsable emitirá un informe mediante o cal o prezo público asumido pola persoa usuaria será o seguinte.

CENSADOS	
	PREZO
1º fillo	30,00 €
2º fillo	24,00 €
3º fillo	15,00 €

O pagamento realizarase nun dos números de contas seguintes das que é titular o Concello da Baña:

- ES92 2080 0326 1731 1000 0035 (ABANCA)
- ES26 0238 8191 8806 6000 1061 (SANTANDER)

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Condicións e grados de prioridades para valorar as solicitudes:

- Prioridade 1: As crianzas para os que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroadada na súa totalidade no Concello da Baña, no momento da publicación da convocatoria e no seu defecto o pai, nai ou titor/a legal e o/a menor para o que se solicita a praza.
- Prioridade 2: Menores que sexan fillos/as do persoal que presta servizo no Concello da Baña.
- Prioridade 3: Crianzas non censadas no municipio. Incluírase neste grado de prioridade os supostos non recollidos nos apartados anteriores.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Condições para solicitar o servizo:

- Que a unidade familiar estea ao día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en xeral, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.

Publicarase a lista definitiva de admitidos/as na páxina do Concello da Baña. De non existir ningunha reclamación nin faltar o pago do prezo público de ningún dos/as integrantes da lista provisional, as prazas quedarían oficialmente concedidas aos/ás usuarios/as desa listaxe.

As posibles reclamacións á lista provisional deberán presentarse, no prazo máximo de 3 días naturais dende a publicación da referida listaxe, a través do rexistro xeral do Concello da Baña, ou ben a través da Sede Electrónica Municipal ou de calquera outro medio ao que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que as inscricións presentadas dentro do prazo sinalado excedan as prazas dispoñibles para suposto de menores censados/as no municipio, efectuarase un sorteo público para determinar a lista de usuarios/as do servizo, e pasarán as persoas excluídas a integrar unha listaxe de agarda. Este sistema de desempate aplicárase para tódolos grados de prioridade.

Todas as inscricións presentadas fóra de prazo producirán a entrada do/a menor na listaxe de agarda correspondente a continuación das presentadas dentro do prazo.

Artigo 9. Organización. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo de campamento de semana santa.

O persoal municipal responsable do programa, encargárase da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión. Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o persoal municipal e o persoal técnico da empresa prestadora do servizo.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse en función da crianza; estas estarán a cargo do monitorado:

- Garantir hábitos de hixiene.
- Realizar un seguimento especial á rapazada con dificultades.
- Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarlles, así como ao Concello, das incidencias que se produzan.
- Custodiar a documentación persoal das persoas usuarias do servizo.
- Deixar recollidas as instalacións, o mobiliario e os utensilios usados limpos, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

- Facilitarlles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa dende o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- A solicitude da persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constitúa.
- A falta de pagamento das cotas establecidas
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo aos menores que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.

Artigo 11. Protección de datos.

a) Responsable do tratamento	do	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	do	Xestión e control dos servizos, programas, actividades e recursos dirixidos á poboación xuvenil do municipio e das persoas participantes.
c) Lexitimación		Artigo 6.1.a) RXPDP consentimento da persoa interesada. Artigo 6.1.e) do RXPDP, o tratamento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
d) Categoría de persoas interesadas	de	Usuarios dos servizos de mocidade do Concello da Baña
e) Categoría de datos		-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Outros datos adicionais que puidesen ser necesarios para a súa participación.
f) Destinatarios/as		Empresas, entidades ou profesionais que actúen como encargados do tratamento para o desenvolvemento dun programa ou actividade.
g) Transferencias Internacionais		Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	de	Conservaranse o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento de datos.
i) Medidas de Seguridade	de	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

Artigo 12. Disposición final.

Estas bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

FICHA DE INSCRICIÓN CAMPAMENTO XUVENIL 2026

DATOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

DATOS DOS MENORES	NOME	APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO	TELÉFONO
1						
2						
3						
4						

DATOS DOS PAIS/NAIS/TITORES	NOME	APELIDOS	DNI	ENDEREZO	TELÉFONO	E-MAIL
1						
2						

DECLARO:

1. Unidade familiar censada no municipio.

SI ☐ NON ☐

2. Traballadores do Concello.

SI ☐ NON ☐

3. Non censados no municipio.

SI ☐ NON ☐

4. Solicitante de bonificación por causas socioeconómicas

SI ☐ NON ☐

AUTORIZO:

Ao Concello da Baña a facer as comprobacións oportunas dos requisitos establecidos para o acceso ao servizo.

Ao Concello a que poida chamar aos teléfonos facilitados para poder xestionar adecuadamente a inscrición e os datos adicionais ou concretar información sobre o campamento xuvenil 2026.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA PERSOA INTERESADA:

Esta solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- ☐ Tarxeta sanitaria do/da menor.
- ☐ Anexo – Datos médicos
- ☐ Anexo – Autorización para reportaxes de prensa, radio, televisión, páxina web, facebook e redes sociais do Concello.
- ☐ Anexo – Consentimiento para inclusión en grupo de whatsapp
- ☐ De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

ANEXO - DATOS MÉDICOS

En canto a alerxias ou enfermidades que poida presentar a crianza:

➤ Alerxias (especificar o tipo):

A antibióticos, medicamentos	
A animais ou alimentos	
A outros elementos	

➤ Precisa subministrar algunha medicación ou tratamento médico especial? Especificar:

➤ Segue algún réxime de comida?(tipo)

Existe algún alimento que non poida tomar?

➤ Padece algunha afección frecuente?

En canto ao mellor desenvolvemento da crianza no servizo:

➤ Ten algún medo de cara a algo en especial? Especificar

➤ Precisa algún apoio extra? Especificar

Outras observacións que desexa reflectir:

No caso de que sexa imposible a miña localización, **AUTORIZO** aos responsables do servizo a tomar as decisións médicas que estimen oportunas en beneficio da crianza. SI ☐ NON ☐



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

ANEXO - AUTORIZACIÓN PARA REPORTAXES DE PRENSA, RADIO, TELEVISIÓN, PÁXINA WEB, FACEBOOK E OUTRAS REDES SOCIAIS DO CONCELLO

D./D.^a

con DNI , en calidade de pai/nai/titor/a do/da menor

En cumprimento co dereito á propia imaxe recollido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección Civil ao dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe; o Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas físicas, mediante o tratamento dos seus datos persoais e a súa libre circulación "RGPD" e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais "LOPDGDD"

AUTORIZA ao Concello da Baña, con enderezo en Praza do Concello, s/n, 15863 A Baña, A Coruña, e NIF P1500700H para que poida facer fotos e gravar imaxes e sons nas actividades que se realizan durante o Campamento Xuvenil 2026 nas que apareza a crianza citada ben individualmente ou estando en grupo. As imaxes e os sons poderán difundirse a través de medios de comunicación audiovisual ou xornais ou pasar a formar parte do arquivo do Concello da Baña para utilizalas en campañas de promoción.

En todo momento serán respectados os dereitos do menor.

AUTORIZO ☐

NON AUTORIZO ☐

ANEXO - CONSENTIMIENTO PARA INCLUSIÓN EN GRUPO DE WHATSAPP

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos (RXPd) e da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), solicitámoslle o seu consentimento para ser incluído/a nun grupo de WhatsApp que será xestionado polo persoal da empresa encargada da execución do campamento xuvenil de verán 2026.

FINALIDADE DO GRUPO DE WHATSAPP:

- Informar sobre cambios organizativos (horarios, climatoloxía, ubicación, etc.)
- Comunicar incidencias ou información sanitaria relevante (coma a aparición dun brote)
- Compartir imaxes do campamento só das persoas menores cuxo consentimento se teña recollido previamente

Este grupo empregarase exclusivamente durante o desenvolvemento do campamento e será pechado unha vez rematada a actividade.



**CONCELLO DA BAÑA
SERVIZOS SOCIAIS**

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal

CONSENTIMENTO

- ☐ **Autorizo** a inclusión do número de teléfono _____ no grupo de WhatsApp xestionado pola empresa organizadora, para recibir información sobre o campamento.
- ☐ **Non autorizo** a inclusión no grupo de WhatsApp e elixo recibir a información por outra vía:

Seleccione unha alternativa (se non autoriza o grupo de WhatsApp):

- ☐ Recibir comunicacións por correo electrónico a: _____
- ☐ Recibir mensaxes SMS ou WhatsApp individuais ao número: _____
- ☐ Non desexo recibir información rutinaria, só se me contactará en caso de urxencia.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 y LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DA BAÑA

FINALIDADES DO TRATAMINTO: A xestión da súa solicitude e matrícula do menor no campamento xuvenil 2026.

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD), o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD) e o consentimento de menores de 14 anos (artigo 7.2 da LOPDGDD);

DESTINATARIOS DOS DATOS: A empresa encargada da xestión e realización do campamento xuvenil 2026.

PLAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas finalidades do tratamento e coas obrigacións legais do Responsable;

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica na sección de [Protección de Datos](#);

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@concellodabana.gal

Na Baña, a de de .

Asdo.: _____

O pai, a nai, ou o/a titor/a legal.